

6. Creación dunha app de xestión para o uso do alumnado

Como avanzabamos no punto anterior imos crear unha app para o uso do noso alumnado.

Este módulo tan só conta con 18 horas lectivas polo que como sabedes imos empregar unha plataforma, Mobincube neste caso, que sen coñecementos algúns de linguaxes de programación vains permitir elaborar unha app totalmente funcional.

No punto anterior que dedicabamos ao deseño da app falabamos dunha axenda dixital. Entendemos axenda dixital como unha app onde baixo o aspecto e estrutura dunha axenda convencional, ao consultar cada día sinalado como “activo” accedemos a outra páxina onde o alumnado poderá ter todo tipo de información, como por exemplo:

- mapas de Google
- páxina con información detallada creada completamente por nós
- unha páxina de wikipedia
- unha imaxe interactiva creada por nós nesta mesma plataforma
- unha páxina web externa
- un vídeo aloxado en Youtube
- diversas páxinas de redes sociais.

Pero imos comezar polo principio.

O primeiro paso, como en todas as plataformas, redes sociais, etc é rexistrarse e crear un usuario, isto faise dun xeito doado como o que xa estades afeitos e afeitos a facer:

Basta con acceder a web en www.mobincube.com/es/ e premer en EMPEZA GRATIS



Tour Precios Ganar dinero Ayuda **Empieza Gratis** **Inicia Sesión**

e posteriormente encher os campos requiridos para acceder a nosa sesión.

¡Bienvenido a Mobincube!

Introduzca el nombre de usuario

Introduzca la contraseña


Repita la contraseña


Introduzca su email

He leído las [condiciones](#)

Registrarse

 Acceder con Google

 Acceder con Facebook

 Acceder con Twitter

É importante realizar este paso xa que Mobincube permítenos gardar e acceder varias apps no noso usuario polo que é un xeito xenial de ter sempre a seguridade de non perder o traballo e poder continuo en calquera computador.

De entrada a plataforma Mobincube non dispón dunha opción de creación de app que sexa directamente AXENDA senón que creremos unha app “híbrida” (parcialmente instalada no noso móbil ou tableta e parcialmente online) con forma de axenda.


Mobincube basease na creación de varias páxinas web pre-establecidas que podemos combinar, e dicir, a nosa axenda en realidade é unha páxina web feita cas opcións dispoñibles en Mobincube aproveitando que unha delas ten o formato de axenda.

Con isto queremos dicir que aprendendo a facer esta axenda aprendemos a facer practicamente todo tipo de aplicacións con Mobincube.



Dentro de Mobincube

Unha vez dentro de mobincube o primeiro que debemos facer e dicirlle ao sistema que queremos crear unha nova app



Neste caso vedes que xa temos creadas un par delas, será nestas iconas onde hai que premer a seguinte vez que queirades acceder as vosas apps para continuar o traballo ou modificarlas.

Cando prememos en **CREAR NOVA APP** apareceranos esta nova pantalla na que é **IMPRESINDIBLE** poñer nome a nosa app e despois premer **CREAR** na opción **DESDE CERO**



Nombre de la App



PLANTILLAS

Puedes elegir de entre una serie de plantillas la que más se adapte a tu App.

Después puedes ir cambiando el contenido de la plantilla para conseguir crear la App que tenías en mente.

Crear

[¿Quieres utilizar las plantillas antiguas? Pincha aquí](#)



DESDE CERO

Si eres un usuario experto puedes elegir esta opción para crear una App desde cero.

Crear

Unha vez feito isto xa estamos dentro do apartado funcional de Mobincube no que distinguimos varias seccións na súa parte superior:

mobincube

Ampliar cuenta

David Ramos

AXENDA OK

Info

Edición


Previsualización

Finalizar

Herramientas

Neste intre a que nos interesa é EDICIÓN, polo que directamente prememos nela para chegar a esta pantalla:






Podemos decir que esta será a nosa base de operacións durante todo o proceso de creación da nosa axenda.

Distinguimos tres partes fundamentais. Unha superior onde temos os tipo de páxinas ou apartados que Mobincube ofrece de forma nativa (onde xa podes observar “AXENDA”) unha inferior que permitiranos engadir outro tipo de páxinas e accesos a redes sociais dentro da propia app e posiblemente a máis importante atopámola a dereita e podemos denominala “ÁRBORE DE PANTALLAS”

É nesta arbore onde por medio da icona “ENGADIR” (representada por un símbolo “máis”) engadiremos novas pantallas a nosa WEB/AXENDA e na icona “ÁRBORE DE PANTALLAS” navegaremos polas que xa temos e observaremos a súa estrutura.

Como observades no apartado superior SELECCIONA PANTALLA temos diferentes opcións que imos detallar de seguido.

Seleciona pantalla:



Interésannos especialmente:

Axenda: será a nosa base operativa durante todo o proceso

Splash: pantalla de carácter breve e cun tempo de visionado prefixado, usarémosla como inicio previo a nosa axenda

Lista de opcións: podemos falar de que é un menú semellante ao das páxinas webs onde nos da a opción de ir a varios contidos diferentes, usarémosla cando nun mesmo día teñamos varias cousas que amosar na axenda

Detalle: páxina informativa composta de texto e imaxe que elaboramos nos mesmos nesta plataformas

Imaxe interactiva: Imaxe na que ao premer en diferentes espazos da mesma levaranos a informacións escollidas e elaboradas por nos mesmos.

Mapa: ligazón a un mapa de Google Maps

Web: ao premer amosará unha web externa escollida por nós.

